



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE MEIGAS DE LAS HOGUERAS DE SAN JUAN DE LA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DAS FOGUEIRAS DE SAN JUAN 2017.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña para a o apoio á difusión da celebración da festa Fogueiras de San Xoán 2017, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.





**Segundo.-** Qué a Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña e unha asociación sen ánimo de lucro constituída co fin de realizar todas aquelas actividades de carácter social e cultural que sirvan para potenciar e dinamizar os aspectos tradicionais da noite de San Xoan e o seu entorno festivo e etnográfico.

**Terceiro.-** A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña responde ao interese común de ambas as dúas partes na promoción e divulgación da celebración da festa das Fogueiras de San Xoán por tratarse dunha cita consolidada que contribúe a divulgación, fomento e difusión do turismo en Galicia.

**Cuarto.** A través deste convenio, outórgase a Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

